



### **LIBROS QUE CHE DEIXARON PEGADA**

**Actividade proposta polo Equipo de Biblioteca do I.E.S. “Virxe do Mar de Noia”  
para o día do Libro (23 de abril).**

**Material: pegadas en papel, de distintas cores, destinadas ás paredes de azulexo.  
Pegadas en vinilo, sen inscrición , para o chan.**

A idea máis suxestiva, na nosa opinión, dos Encontros de Sanxenxo para os responsables das Bibliotecas de Centros Escolares do Plan de Mellora, referida polo escritor Gonzalo Moure, tende a fomentar a curiosidade e o gusto pola lectura da Comunidade Educativa.

Para levala a cabo entregouse a cada titor dos primeiros cursos da E.S.O. o dobre de pegadas do alumnado que tiña, para seren recortadas polos rapaces e rapazas. Nunha delas figuraría o nome e curso destes, e aquel(es) libro(s) que exerceron nelas e neles unha influencia mais fonda (dende contos infantís ata o último que leran). (A outra, en branco, sería entregada ó alumnado de Bacharelato e ó Profesorado) Con todas elas

faríamos un camiño dende a porta do Instituto ata a Biblioteca, o día 22 de abril, camiño que permanecerá aberto ata o día 5 de Maio.

Ó mesmo tempo na caixa do correo que cada docente ten na Sala do Profesorado introduciuse unha pegada e un folleto explicativo, solicitando a súa colaboración. Dispúxose unha caixa de cartón para recoller o material na Mesa da Sala. E distribuíronse “peñños” ó persoal non docente (algúns de cuxos membros figuran entre os maiores usuarios da Biblioteca). Exemplares en branco quedaron na Conserxería e foron cubertos por antigos alumnos, e outros visitantes.

O día 22 tiñamos aproximadamente unhas 300 pegadas, (o Centro conta con 350 alumnos) maioritariamente de rapaces e rapazas ( e o 50 % do Profesorado e persoal non docente), que procedemos a pegar polas paredes (tarefa na que participou Profesorado alleo ó equipo de Biblioteca). O propio día 23 pegamos as do chan. Dende o primeiro momento observamos unha reacción de curiosidade por parte do alumnado e do profesorado, tanto por intentar atopar a súa como por saber que libros lle interesaran máis a certas persoas. Evidentemente, houbo tamén reaccións menos “entusiastas” e peñños tirados directamente á papeleira de reciclaxe do papel.

A valoración da actividade é, sen embargo, altamente positiva, por varios motivos:

- 1) Suscitou unha reflexión sobre a lectura como nunca conseguimos facer no Centro.
- 2) Activou os mecanismos da memoria de todos e cada un de nós: recordamos libros relegados ó fondo dos recordos, lecturas adolescentes, que devoramos ós quince ou dezaseis anos (aínda que agora só nos merezan un sorriso), sentimos a emoción que nos produciran autores esquecidos, cando alguén nos pedía axuda para recordar un título que o/a deixara abraiada/o hai tantos anos.
- 3) Demostrou que nunca coñecemos suficientemente ó noso alumnado: nun peñño de 4º de E.S.O. camiñaban a un tempo a “Divina Comedia” e o “Manifesto Comunista”, noutro eran a historia da toupiña que non sabía que era aquilo que lle caera encima noutro en fin os “Diarios de Kurt Cobain” e o “Cuíño Independente”.
- 4) Provocou moitos sorrisos e certa admiración : o humor delirante dalgúns alumnos (un de 2º de Bacharelato que cita a Bambi”(Que final!) e Teo va al

zoo: (interesante!) e outro de 3º que tras El niño con el pijama de rayas e Memorias de Idhun: La resistencia escribe Buscando a Wally (la colección entera), como polo sentido artístico dalgúns profesores/as que escriben os seus títulos seguindo as liñas do pé.

- 5) Amosou que as lecturas obrigadas non sempre son rexeitadas polo alumnado; en efecto: El niño con el pijama de rayas bate marcas en 3º de E.S.O. e Unha branca de cobre para Martiño de Ramón Carredano figura entre as preferencias dos dous primeiros cursos da E.S.O. Jordi Sierra i Fabra cóntase, como xa sabíamos, entre os autores predilectos dos/das adolescentes. Non faltan os best-sellers entre os de Bacharelato, como Los Pilares de la Tierra.
- 6) Confesar as preferencias “librescas” ten algo de exposición da intimidade; por iso non son poucos os alumnos e profesores que o fan de xeito “anónimo”. De aí que nos parezan tamén importantes as pegadas daqueles que non dubidan en citar os libros que realmente os marcaron, aínda que pertenzan a súa infancia máis remota, ou teñan tan pouco texto como os de “Wally”. De tódolos xeitos, quizás non caiba atribuír a mesma seriedade a tódalas respostas.
- 7) Amósanos canto nos queda aínda por ler a case todos nós. E admíranos a inxente cultura literaria dalgúns compañeiros.
- 8) Serve para desbotar prexuízos (sobre determinados autores que quizá non limos por razón extra-literarias), e contaxia a ansia por descubrir obras que marcaron a xente que un aprecia.
- 9) Reflicte a existencia de libros que nos deixaron “despegadas” da lectura: obras que nos obrigaron a ler en determinados momentos, e ás que nunca lle atopamos interese.
- 10) Marca, en fin, un punto de partida interesante para coñecer os hábitos lectores, os intereses do alumnado e establecer novas liñas no Plan Lector. E embárcanos nun estudo moito máis pormenorizado das respostas.

Por todo isto, reiteramos o noso agradecemento a Gonzalo Moure e á Profesora asturiana de quen partiu a idea.